


Entrevista

Daniel Cortezón. Lembranzas dunha vida autodidacta

Roberto PASCUAL RODRÍGUEZ

Escola Superior de Arte Dramática de Galicia
Departamento de Teoría e Historia do Teatro
robertopascual@edu.xunta.es



Daniel Cortezón

Solventando o óbice que a vida manda en dificultades de saúde e a amargura da vileza terrorista en xornada preelectoral, conversamos con Daniel Cortezón, relevante figura da literatura e do teatro galegos, amante da lectura, crítico observador de sólida postura esquerdista e coidadoso construtor dunha moi significativa dramaturxia histórica galega. Agradecido, tan ben nos recibe para manter unha conversa telefónica —logo da habitual tertulia coa súa amizade de toda a vida no seu gozoso Ribadeo—, como nos remite comentarios e abondoso material (conferencias, textos de difícil acceso, artigos, etc.) para esta entrevista que, con agarimo e atención, nos concedeu e coidou a compor.

—**Madrygal:** No anterior número da revista *Madrygal*, a escritora Luz Pozo Garza falábanos da guerra civil, da persecución que sufrira seu pai. O pai de vostede tamén padeceu as represalias do ditador (estivo no cárcere). Como lembra aqueles anos da infancia entre fuxidas, guerra e barbarie?

—**Daniel Cortezón:** Difícil pregunta e tristes lembranzas que procurarei sintetizar. Procedo dunha familia de militares profesionais de rasa graduación, pertencentes ao Corpo de Carabineiros, arma destinada a vixilancia de Costas e Fronteiras. Meu pai, Daniel Cortezón Rodas, nado en Baracaldo, pero oriundo de Cavia (Burgos) quedou orfo moi novo, e foi internado na Escola de Orfos de Carabineiros do Escorial ata a maioría de idade, en que foi destinado a Comandancia de Ribadeo. Alí coñeceu a filla doutro carabineiro destinado nas Figueiras (Asturias). Casou con ela e xa con dereito a galóns de cabo foi destinado á Comandancia. Liña da Concepción e Algeciras, fronteira con Gibraltar. Alí estabamos no tempo de proclamación da República, en 1931. Un novo e solicitado destino trasladounos a Luarca (Asturias), onde nos sorprendeu a Revolución de Outono de 1934; e máis, outro destino levounos despois a Luanco, onde estabamos cando estalou a “cruzada nacional-católica” de 1936.

Dende o primeiro intre meu pai púxose ao servizo da República e acudiu á fronte, onde estivo loitando ata a caída de Asturias en Outono de 1937. Nese mesmo mes fuximos a Francia nunha vapora de pesca, a Santa Teresa de Jesús. Nunha das obras encol do tema (*El Cervera a la vista*), Marcelino Laruelo Roa narra aquela náutica fuxida xunto con moitas outras. En todo caso, a bélica actitude do meu pai non obedeceu a ningún feito de disciplina militar, senón á vontade política e social de defender a República.

Aos poucos días de chegar, dende o porto francés de Belle-Isle fomos reintegrados á España

republicana, instalándonos en Ripoll, cousa que durou pouco máis dun mes, porque meu pai tivo que integrarse nunha brigada de carabineiros e nós, miña nai e máis eu, seguimos os seus pasos ata xuntarnos con el en Requena e Villarreal. Pouco despois foi destinado á fronte de Teruel trasladándonos tamén nosoutros a unhas vilas preto da fronte: Libros e Ademuz. Asemade, non tardou moito en caer gravemente ferido e nós tamén tivemos que nos trasladar ata o Hospital Militar de Cofrentes. Alí sorprendeunos o remate da guerra. Meu pai, aínda convalecente, foi preso e, despois de pasar por campos de concentración ingresou no Cárcere de Gijón-Coto, para ser xulgado por un Consello de Guerra que o condenou a 30 anos de cárcere, “¡por rebelión militar!”. Alí, na cadea do Coto, pasou 5 anos preso ata 1945. No entanto, miña nai e máis eu fomos para Ribadeo na procura do amparo familiar...

Lembro daquela fuxida a Francia e reintegración á zona republicana, bombardeos de cidades e vidas... Non só foi bombardeada e destruída Guernica, por máis que fora inmortalizada pola pintura de Picasso, tamén Barcelona, Sagunto, Tortosa... (Cando chegamos alí o chan da estación ferroviaria aínda ficaba encharcada de sangue do anterior bombardeo)... Despois, marchas en camións ou a pé, por camiños de monte e estradas; moitedumes aterradas... Miña nai cargando cunha mala de cartón e máis eu portando un envoltorio de roupa... ¡Un camiión que parase era unha bendición!

—**M.:** Descúlpeme que insista nos paralelismos mais non deixo de achar similitudes biográficas entre vostede e a poeta e académica Luz Pozo. O traballo na botica, Ribadeo, Asturias...

—**D.C.:** Luz Pozo é unha grande amiga, grande poetisa e magnífica ensaísta. Unha das glorias literarias de Ribadeo e de Galiza...

Pois rematada a guerra e xa no meu Ribadeo natal, en 1940, aos 14 anos entrei de aprendiz de mancebo de botica, si, nunha que por aquel entón ían abrir. Ao tempo que miña nai se pon a traballar como pode, fregando e limpando escaleiras para sobrevivir, eu traballo alí ata 1964, iniciando moitos anos de soedade lectora e creadora. A min aquel traballo influíume moitísimo.

Con moi pouca escola e pobrísimo idioma comecei a ler de todo, mergullándome no mundo dos libros, devorándoos e, polo tanto, na posibilidade de coñecemento. Conteí para iso cunha

axuda inapreciable: a existencia da Biblioteca Municipal de Ribadeo, que máis adiante tomou o personalizado apéndice de “El Viejo Pancho”, en merecida lembranza do pseudónimo literario de J. Alonso Trelles y Jaren, emigrante ribadense e gauchesco poeta nacional do Uruguai, Biblioteca á que dende sempre chamei e agradecido chamo “A miña Universidade”, aludindo así á superación das miñas deficiencias grazas á súa existencia. No entanto, o feito de traballar nunha botica levoume á suscripción da revista *Auxiliares de Farmacia*, na que, no ano 1953, acadei un premio por o “Decálogo do Auxiliar de Farmacia”. Nesa revista seguíu colaborando dende entón ata miña marcha a León en 1964, onde fun traballar nunha sucursal de Sate-Barreiros.

Para entón xa tiña escrito moito e publicado bastante. Lembro que o primeiro que escribín, en 1943, foi un ensaio encol d' *O contrato Social*, de Rousseau. Mandeino ao cárcere ao meu pai e foi un grande alento o que recibín dos seus compañeiros reclusos, que tiveron moi en conta que eu soamente tiña entón 16 anos. Non é por facheñar pero así empezou o meu interese por escribir dende un punto de vista social. Logo empecei a escribir varios artigos en *Rumbo*, tras a guerra, co pseudónimo de Ribadán. Non por nada, non por querer ocultarme. Tiña dezaseis anos e non me parecía importante destacar ou crear un nome.

Máis tarde, en 1956, outro punto referencial foi que escribín e Galaxia publicou *As covas do Rei Cintolo*, obra que para moitos foi influenciada por Álvaro Cunqueiro, a quen naqueles tempos eu aínda non lera. O máis positivo foi que ese traballo levoume a unha estreita amizade con Ramón Piñeiro e o conseguinte trato co grupo Galaxia, grazas tamén á mediación dun galeguista de Ribadeo, Claudio Pérez Prieto, a quen Piñeiro lle preguntara por min naquel tempo en que chego a miña primeira obra en galego, *As covas do rei Cintolo* (1955).

Tamén de 1960 lembro que foi o meu primeiro entreno teatral: *Nicolás Flamel* e, xa mergullado no tema, en 1971 publiquéi na Casa de Galicia de Nueva York un ensaio que deu orixe a outros moitos: “Del posible teatro gallego”.

—**M.:** Mais vostede xa viña dende tempo atrás publicando en medios relacionados ademais co anarquismo...

—**D.C.:** Efectivamente publicara algún artigo “estético” na revista *Rumbo*, de Valencia, sucesora da anarquista *Estudios*, que fora pechada polo

triumfante réxime franquista ao remate da guerra, e que máis tarde recobrou o título. Pasei a ser habitual colaborador, cando os antigos, xente de gran renome, ficaban ou fusilados, no cárcere ou no exilio. O fundamental foi que establecín relación con algúns escritores anarquistas aínda vivos, e así dispuxen de vellas publicacións e amizades. Grande foi a miña relación epistolar con Alfonso Martínez Rizo, enxeñeiro e científico, que saíra da cadea por aquelas datas e autor da *Teoría del metaespacio* (1950). Outra gran personalidade, esta no exilio, coa que establecín contacto, foi con Félix Martí Ibáñez, médico, científico e autor, entre outros libros, de *El sentido de la vida* e de *Los buscadores de sueños*. Foi moi amigo de García-Sabell, que ía visitalo algunha vez a Nova York. Á súa morte, o 24-05-1972, Juan Rof Carballo publicou no *ABC* un artigo necrolóxico que titulou “Bajo el signo del ángel”. Outro anarquista no exilio e de grande importancia científica e política foi Emilio Herrera Linares, tamén amigo de Martínez Rizo e autor de *La plasmogenia*, de 1932, e de *La hiper-mecánica y el apocalipsis*. Morreu en Xenebra o 13-09-1967.

Todos eses xa moi lonxanos contactos con teóricos anarquistas, leváronme a outras lecturas e máis a estudar a fondo a temática socio-política dende as obras de Felipe Alaiz e de Ferrer Guardia aos irmáns Reclus ata Max Stirner, pasando por Kropotkin e Bakunin.

Porén, a utopía ácrata non me convenceu, precisamente por ser utópica... Pese ao seu fracaso, o marxismo segue a ser unha solución “racional” e, por suposto, ética... Lembro agora tamén o meu “encontro” con Maiakovski, de quen coñecín a obra poética e teatral porque Ánxel Fole regaloume as súas obras, das que me causou gran impresión o teatral *Misterio bufo*, datada en 1918, e que tivo grande influencia no meu título do *Intermezzo bufo* (1996), terceiro da tetraloxía do *Castelao, ou a paixón de Galiza*. Coido que para entón xa tiña lido case que todo o máis importante da cultura galega tamén, do ser e do non-ser galego, dende a “mentira” do que Américo Castro denominou a “Teobiosis do Apóstolo” e iso que Seoane definiu como “heroísmo pasivo” e outros ocultaron e xustificaron como filosofismo estoico, fenómeno que deberan denunciar como abstención ou omisión... Mais todo isto daría lugar a moitas consideracións vencelladas dende o meu amor polo Castelao artista e galeguista, (que despois de escribir *Sempre en Galiza*, esa chamada Biblia galega, rematou “canonizado”), ata o meu asoro cara a reaccionarios filo-

fascistas como Vicente Risco, o inefable autor de *Las tinieblas de Occidente* e de *Mitteleuropa*, ao que, por aquel entón ata 1936 Castelao cualificaba do seu *alter ego*...

De todas sortes xa pra entón tiña coñecido e tratado con grande agarimo ao ribadense Dionisio Gamallo Fierros. Asemade, inda que sexa dun xeito apresurado e incompleto por aqueles tempos coñecín e tratei a case que a totalidade do grupo Galaxia, como Ramón Piñeiro, García-Sabell, Celestino Fernández de la Vega, Otero Pedrayo, Franco Gran-de, Méndez Ferrín, Álvaro Cunqueiro, Fernández del Riego, Carballo Calero, Ánxel Fole, ao gran poeta Pimentel e máis a Blanco Tobío e a Blanco-Amor...

—M.: Supoño que unha das súas escolas foron as tertulias no Café Gijón. Que nos pode contar daquilo?

—D.C: Cando cheguei a Madrid, no ano 1966, ingresando nas galegas tertulias do Café Gijón, tanto a miña obra como a miña formación xa estaban determinadas. Certo que foi moi instrutiva a experiencia e o trato coas esgrevias personalidades que alí coñecín.

Penso que o tema é moi interesante e algo do que os antigos tertuliáns deberan dar conta e escribir moito máis, dende o punto de vista persoal, político e, sobre todo, galeguista, polas personalidades que alí figuraron. O feito foi que despois de dous anos en León, trasladeime a Madrid e alí entrei en contacto coas xentes galegas e galeguistas que todos os sábados facían xuntanza no Café Gijón. Foi un escollido elenco do que polo xeral formaban parte Álvaro Gil, o pintor Laxeiro, Fariña Jamaro, Lauro Olmo, Luis Cabo, Alonso Estravís, Gamallo Fierros, Borobó, Baldomero Isorna, Ramón Valenzuela, AKAL e, despois da súa volta de Venezuela, Celso Emilio Ferreiro. Tamén Blanco Tobío, Fernández-Oxea (BEN-CHO-SEY), Raimundo Patiño... Ademais, con certa frecuencia, esporadicamente ou ao seu paso por Madrid, Alonso Montero, Baldomero Cores Trasmonte, José Antonio Gurriarán, Xulio Lago, Landeira Irago, Delfín Mariño, Emilio Mosquera, Mario Nieto Taladriz, Manuel Ángel Gómez Quesada, Eduardo Rodríguez Osorio, Luis Riazza, Mariano Tudela, Manuel Lacarta, Andrés García Madrid, A. Burdeos... Seguro que esquezo algún nome. Certamente que non foi pouco o que aprendín daquelas conversas e dalgunhas polémicas... Penso que daquelas amigables xuntanzas do Café Gijón xurdiron moitas das conferencias que baixo

a dirección de Celso Emilio Ferreiro se deron no Ateneo, case que sempre en relación a Galiza. Foron do máis valioso do galeguismo de entón, fóra da terra...

—**M.:** En que medida esta experiencia solidificou o seu autodidactismo e interese polo ensaio, xa que logo?

—**D.C.:** Por aquel tempo afirmome no meu rexeite do sentimento da saudade, do permanente salaio histórico e do nihilismo esencial polas súas características avitais, así como no xeral rexeite do teatro como entretemento humorístico e lírico, procurando nel un contido épico e, polo tanto, histórico.

Comecei, pois, con traballos teóricos en procura das súas posibilidades liberadoras do salaiante espírito do rústico... De aí xurdiron temas na liña do “Espírito de Galiza”, “Del posible teatro galego”, “Idioma, teatro y nacionalismo” e o tema da “Función do teatro nas linguas minoritarias”. Deses e doutros ensaios e conferencias cheguei á conclusión do noso baleiro de teatro histórico como proxecto total. De aí xurdiu o meu esforzo na dirección de achegar o que puidese. Os trescentos anos do sono de San Ero da Armenteira, tan louvados por Castelao, era unha realidade a superar. Espertar, concienciarse. Sintetizo algúns argumentos nese sentido nun pequeno traballo que fixen con motivo do 50 aniversario da Biblioteca El Viejo Pancho, de Ribadeo. Os antecedentes socioeconómicos e históricos fican ben claros: Na súa *Teoría teatral*, Meyerhold escribiu sobre “la etapa importante de maduración que fue para mí en Italia, en el mes de Mayo de 1902, la lectura de ISKRA de Lenin y de su libro ¿QUÉ HACER?”... No mesmo senso escribiron por aquel tempo Alexandrian, Trostki, Piscator, Brecht, Croce, Jasper... “Los grandes saberes del saber trágico se presentan sobre forma histórica”... De aí xurdiu o sistemático proxecto do teatro histórico.

—**M.:** A esa construción ou intención ten contribuído a pluma de escritores que, coma vostede, deron peso literario a figuras coma Prisciliano, Xelmírez, Pedro Madruga, Pedro Pardo de Cela na dramaturxia. Cales son as principais funcións que vostede persegue co seu teatro histórico?

—**D.C.:** Penso que España é unha nación de nacións. Sendo tan diferente sería unha perda tremenda a forzada unidade. O meu teatro tenta bus-

car unha explicación de por que somos así. Cando decido escribir empezo a facelo coa consciencia de que non tiñamos un teatro épico e social e que había que facelo ao mesmo tempo que denunciar ese espírito galego que tira da saudade como un sentimento moi negativo. Negativo porque impediu a épica nunha crenza de que a lírica era algo máis propio do noso. Fíxese que aínda Castelao segue metido na saudade e no ruralismo. Que dicir de Vicente Risco, que en *Mitteleuropa* demostra que non comprende nin de lonxe os problemas de Europa, ademais de ser un prolegómeno do fascismo...

O único destello que tivemos son as Revolucións Irmandiñas, que foron un fracaso. Hai que ter presente que revolucións coma a francesa son organizadas pola burguesía, por unha burguesía consciente. No manifesto comunista (e hai moita xeite que se di galeguista que aínda non o comprendeu), Marx e Engels nunca dixeron que a revolución fose soamente de tipo económico. Pero o final de todo feito é a economía.

Na tetraloxía teatral *Castelao ou a paixón por Galiza* non fago nin unha soa crítica, só intento reflexionar sobre a responsabilidade do que nos pasa. Intento retratar un pobo aplastado que, por exemplo, está nas *cunetas*. Un exemplo é que aquí en Ribadeo había 20 asasinados. A igrexa leva boa conta dos nomes dos asasinados polos *rojos* pero ese espírito da saudade e do choromiqueo, que memoria nos trouxo?

—**M.:** Cre que naquel momento a sociedade padecía a enfermidade do descoñecemento histórico en maior medida cá amnesia que se observa hoxe en día?

—**D.C.:** Máis có que vostede, certamente, cualifica de amnesia histórica actual o que temos, ao meu entender, é algo máis profundo. Falo de nihilismo histórico. A nosa gran falta e culpa, non soamente responsabilidade histórica... É este un longo tema que xa vén da suicida aceptación por Castelao dos “trescentos anos de dominación de San Ero de Armenteira”... De aí moitos dos meus refugos encol da bíblica *Sempre en Galiza* e, asemade, a protesta do meu *Intermezzo bufo*, terceira peza teatral da tetraloxía de *Castelao ou a paixón por Galiza*.

Agora que estamos en período electoral [días previos ás eleccións Xerais do 9 de marzo de 2008] teimo en pensar, ante a interesada repetición da galeguidade dun dos candidatos, que Galiza sempre deu á historia o peor de si. Na Galiza

democrática sempre houbo un apoio á dereita dende a pouca memoria histórica. Como é posible que teñamos os galegos tan pouca memoria? Voulle contar unha anécdota. No meu traballo tiveren contacto con cooperativas estremeñas de confección de traxes. Eles fornecíanse de traballadores de distintos puntos de España. Tamén galegos. Así, un estremeño, sabendo da tanta emigración que había en Galiza, preguntame: por que habendo tanta emigración o galego vota á dereita? Eu respondínlle: “emigramos porque senón morremos de fame. Pero ollo, que o galego ten terras”. “Ah, si?” Replícame o estremeño. “Si”, dígolle eu. Pero que terras? Aí está o problema, o minifundio económico conduce ao minifundio mental.

—**M.:** **Semella que vostede sempre tivo claro que quería escribir teatro (en galego) mesmo en momentos onde a imposibilidade de ser levado a escena, representado en galego por unha compañía, era case total. Preocupáballe este feito (a representación) á hora de escribir as súas pezas teatrais?**

—**D.C.:** A miña decisión sobor do teatro foi exclusivamente socio-política, aínda que a miña vocación literaria comezou con artigos e novelas, predominando por riba de todo o ensaio.

Antes de escribir teatro lin arredor de trinta libros para documentarme, sobre todo do funcionamento do sistema feudal (o que me leva a confirmar que a maior parte dos caciques de hoxe proceden do feudalismo). Cando falo con Piñeiro (gustaríame saber onde están os arquivos de Piñeiro. Eu gardo unhas 150 cartas del) sobre os libros de teatro que estou a escribir xa lle podo dicir todos os títulos dende o principio sen telos escritos porque xa sabía de que ía falar. Non se pode entender os Irmandiños sen saber o que pasou na época de Henrique IV. Non se pode saber o que ocorreu na historia de Galiza sen saber o que pasou na época dos Reis Católicos...

—**M.:** **Ademais de con Piñeiro, como vostede acaba de manifestar, mantivo relacións epistolares moi intensas e de diversas inquiredanzas culturais...**

—**D.C.:** Si, moi entrañable foi a miña prolongada amizade epistolar co poeta arxentino Víctor Luis Molinari, que ademais fixo unha viaxe a Madrid para nos coñecer. Máis aínda o foi a que durante anos tiveren con Valentín Fernández, o

director da *Revista do Centro Galego de Bos Aires*. Foi unha longa amizade epistolar que con certa frecuencia se complementaba coas súas visitas a Madrid. Con el colaborei en moitos aspectos culturais, mais sobre todo, o que puideren achegando fondos para a súa idea da película encol de Castelao. Teño a este respecto moita documentación e contas: mandaba libros a centos que vendiamos (Librouro, Antón Patiño e outros colaboraban. Por exemplo, Borobó facilitounos non pouca documentación gráfica) para acadar fondos cos que mercabamos en Madrid películas virxes. Lembro, por exemplo, que moitas delas foron mercadas en Agfa-Gevarrt, S.A. con data 22-XII-1975. Noutra epístola, das moitas encol do tema, informábame de que Xusto Perloran, era en 1976 o cineasta a cargo da película, en tanto que o 12-VIII-1976 infórmame de que o guión da mesma fora feito polo Doutor Antón Pérez Prado. O 11-III-1976 dáme conta de que "a película de Castelao está, na versión castelá está practicamente finzada na copia de traballo". Caeu enfermo e a súa secretaria, María del Carmen de las Cuevas, en carta datada el 26-XI-1976 informoume de que Valentín tiña finado o 21-XI-1976... Foi unha gran perda para Galiza e para min a dun grande amigo.

—**M.:** **Segue pensando que a crítica o encaixou como dramaturgo máis que como novelista? Reivindica a maior visibilidade deste segundo feito?**

—**D.C.:** O certo é que de maneira fundamental os meus comezos literarios se proxectaron no ensaio e na novela; pero o que me decide a un proxecto teatral galego de temática histórica é que atopo un baleiro case que total nese terreo e que ese baleiro fica vencellado ao xeral problema da nacionalidade, que tamén implica ao idioma. Penso, entón, e sigo pensando, que España é unha nación de nacións, que é unha unidade; pero non unha unicidade, e polo mesmo penso que é preciso traballar nun proxecto de Teatro Nacional de Galiza. Xa convencido dese aspecto deficiente da nosa cultura, lembro que escribín a Ramón Piñeiro anunciándolle un proxecto de Teatro Histórico-Épico Galego por esta orde: *Prisciliano, Xelmírez ou a gloria de Compostela, Os Irmandiños, Pedro Madruga, María Castaña, Os vilaios de Allariz, Carral 1846 e Castelao ou a paixón de Galiza*, que resultou unha tetraloxía. En troques, non cheguei a escribir, por razóns de carencias documentais, *María Castaña, Os vilaios*

de Allariz e Carral 1846. Porén, dos materiais recollidos, xurdiron dúas obras complementarias en castelán: *La crónica de Enrique IV* e máis *La crónica del Rey don Pedro*, así como *Danza, contradanza y metamorfosis de moros y cristianos*.

—M.: A súa obra obtivo no seu momento un amplo recoñecemento fóra de Galicia, ben por colectividade galegas no exilio ou non galegas (tamén produciu en castelán). Mais, actualmente, como valora a atención da crítica en torno á súa obra? Sente o mesmo interese ou certo soslaio da súa obra dentro do sistema cultural galego?

—D.C.: A cultura galega xa non é o que era. Eu traballo para comer e fago o que quero na miña casa. Iso quizais non me trouxo moito recoñecemento por parte dalgúns sectores pero podo dicir que eu son totalmente libre. Morro de risa cando me queren meter certas ideas nacionalistas. Ler é un vicio tremendo que trae ideas.

—M.: A vostede sempre lle preocupou a normalización e normativización do noso idioma e que o galego saíse do “puzo dialectal” logo do “proceso acumulativo de riqueza semántica e de capital estilístico”. Pensa que hoxe xa se acadou a norma que vostede demandaba no ano 82? E de ser así, que lle parece a solución normativa?

—D.C.: Penso que aínda non demos coa clave no idioma. O problema grande é que estamos combatendo un idioma que falan millóns de persoas, o castelán, e non temos razóns económicas para loitar. Por exemplo, eu teño unha biblioteca na miña casa que chega aos 7.000 volumes. É unha biblioteca necesariamente escollida, pero a miña paixón e disciplina militar non poden equiparar o número de volumes en galego e castelán (a miña biblioteca é quen mellor retrata o meu espírito enteiro: as miñas inxerencias estéticas e morais, as miñas conviccións sociais, relixiosas e políticas).

Penso que hai unha cuestión económica e social que resolver. Eu aprendín a falar en castelán porque me criei os primeiros anos en Andalucía e, ademais, un terzo do meu sangue é burgalés. Aínda así, preocupeime dende o primeiro momento polo problema do galego, que me

chegaba detrás do mostrador, en Ribadeo. Alí puiden reflexionar sobre o complicado galego rural e campesiño que me chegaba. Vía que o galego sobrevivía no retraso, interesoume o problema social, que logo sobrepasou aos estudos sobre o espírito galego, como xa comentei.

—M.: Gústame a fórmula de propor algúns nomes e que o entrevistado manifieste o que lle pareza ao abeiro da lembranza. Velaquí as propostas:

Ramón Piñeiro

Foi un grande e inesquecible amigo e un apoio do meu galeguismo e vida literaria.

—Roberto Vidal Bolaño

Sen dúbida foi un dos dramaturgos máis importantes do teatro galego do noso tempo. A súa montaxe de *Xelmírez, ou a gloria de Compostela* será moi difícil de superar no vindeiro.



Daniel Cortezón, Luz Pozo Garza e Xose Luis Franco Grande.

—**Gamallo Fierros**

Grande amigo de moitísimos anos cuxa obra periodística, erudita e poética foi inmensa e dispersa por mor do seu caótico carácter. Non acadou a sona e espallamento que merecía. Como todo espírito ceibe e silenciado, sobre todo polos que o asediaban pedíndolle eruditos datos... Á súa morte escribín encol del un longo traballo bio-bibliográfico onde analizo a historia psico-ideolóxica da súa evolución intelectual e moral, dende o seu inicial nacional-catolicismo ao marxismo ateo. Por certo, o seu grande amigo Fraga Iribarne mostrou máis comprensión do

texto e do tema cós liberais nacional-galeguistas de turno...

—**M.: Con que lle gustaría rematar?**

—**D.C.:** Inda que con moito por dicir e ceicais por rectificar e precisar nos matices, remato coa miña lembranza de Ramón Piñeiro, de Luz Pozo Garza e de Gamallo Fierros. Eles foron grandes amigos que sempre me tiveron en conta. Ela, a ribadense Luz Pozo Garza, é unha das máis firmes intelectuais galegas, ademais de grande poetisa. Un dos primeiros artigos que se escribiron sobre ela publicouno Gamallo Fierros, outro amigo de Ribadeo.